

# DE QUE PAZ FALAMOS?

## A PAZ NEGATIVA

1 A «paz negativa» é a simple ausencia de guerra e violencia directa. O seu sentido negativo viría definido polo seu “non” a unha violencia sistemática, organizada, directa e durable.

## A PAZ POSITIVA, HOLÍSTICA OU PERFECTA

- 2
- Ausencia de guerra e violencia directa.
  - Fomento dos dereitos humanos, sobre todo da xustiza social.
  - Convivencia democrática e participativa.

## A PAZ IMPERFECTA

3 A paz imperfecta é unha situación na que non hai guerra, pero tampouco unha paz completa. Inclúe o cesamento de hostilidades, o cesamento do fogo, as treguas e as negociacións para alcanzar a paz.

## GAUDIUM ET SPES 78

4 “A paz non é a mera ausencia da guerra, nin se reduce ao só equilibrio das forzas adversarias, nin xorde dunha hexemonía despótica, senón que con toda exactitude e propiedade chámase obra da xustiza (Is 32, 7). É o froito da orde plantada na sociedade humana polo seu divino Fundador, e que os homes, sedentos sempre dunha máis perfecta xustiza, han de levar a cabo”.



**Manos Unidas**



# AS NOSAS ASPIRACIÓNS PARA A PAZ HOXE



## PARAR A GUERRA

### **“PARAR A GUERRA” COMO ASPIRACIÓN INMEDIATA**

A actualidade informativa centrouse nuns conflitos, co consecuente esquecemento doutras guerras que están provocado decenas de miles de mortos, millóns de desprazados, devastadoras crises humanitarias e inestabilidade social de difícil solución.

### **CONDICIONS**

- Solidariedade económica, para a reconstrución de infraestruturas que permitan ás persoas gozar de novo dos seus dereitos máis básicos: alimentación, saúde, educación, vivenda, etc.
- Desarmamento e control de armas.
- A participación de toda a sociedade civil como garante do seu propio proceso de paz, sen excluír a ninguén.



## RECONSTRUCCIÓN DA PAZ

### **O DESENVOLVEMENTO, COMO NOVO NOME DA PAZ**

- A construción dunha democracia centrada en dereitos humanos para frear as ansias de poder.
- Un sistema de redistribución da riqueza baseado na xustiza social e o ben común.
- Unha Educación para a paz como un instrumento de cohesión social para desactivar a violencia cultural.



## O DESENVOLVEMENTO